



Galicia

PARA ASENTAR UN NOVO AFILIADO/COTIZANTE Á SS PRECÍSANSE MÁIS DE CINCUENTA CONTRATOS

A ESTACIONALIDADE, A ROTACIÓN E A BAIXA CALIDADE DAS CONTRATACIÓNS NON LOGRA MAQUILLAR A DEBILIDADE DO MERCADO LABORAL GALEGO

Só o 7,5 por cento da contratación en Galicia é indefinida e a taxa de cobertura segue en mínimos



Redacción.- Os datos de paro rexistrado en Galicia reflicten que na nosa Comunidade non se está a crear emprego ao mesmo ritmo que no resto de España. A estacionalidade e a baixa calidade e duración destas contratacións non logra maquillar a debilidade do mercado laboral galego.

En Galicia cae o paro no mes de decembro nun 1,2 por cento, aínda que de forma menos acusada que no Estado, onde caeu o 1,8 por cento. Hai 185.013 persoas desempregadas en Galicia, 2.162 menos que no mes anterior. No Estado hai 3.412.781 persoas desempregadas, unha contracción de 65.000 persoas desempregadas.

Se temos en conta a variación interanual, hai en Galicia unha contracción do 10,2 por cento, é dicir, 20.901 desempregados menos pero, neste caso, cunha contracción moito mellor que na media estatal, o -7,8 por cento (290.193 menos).

As cifras medias de desemprego no ano 2017, 194.428 desempregados de media, vanse contraendo, pero aínda están moi por encima dos valores precise.

O desemprego segue asaíándose nas mulleres

Por sexos seguen en peor posición as mulleres que os homes, representando o 56 por cento do total, a pesar da mellor evolución no mes de decembro do desemprego nas mulleres que nos homes, xa que nestes medra o paro, por mor da Construción, nun 1,2 por cento e nas mulleres se contrae o 2,9 por cento (por mor da evolución do sector servizos, pola temporada de Nadal). Aínda así, as cifras falan por si mesmas, 81.498 homes desempregados e 103.515 mulleres. A maior discriminación por sexos compróbbase en termos interanuais, xa que no ano cae o desemprego nos homes nun 13,6 por cento, mentras que e nas mulleres a diminución é moito menor, só o 7,2 por cento.

En canto a tramos de idade, hai 8.710 mozos e mozas menores de 25 anos desempregados. É unha cifra que se contrae un 11,7 por cento neste mes de decembro, de forma moi superior ao conxunto de idades. No ano hai unha evolución menos acusada que á do total de idades: mentres que no total de idades cae o 10,2 por cento, nos menores de 25 anos a diminución é do 7,3 por cento.

A estacionalidade favorece a creación de emprego no sector de Servizos

Ao analizar por sectores de actividade, faise moi evidente o efecto da estacionalidade. A campaña comercial de Nadal representa unha contracción do desemprego

	Galicia	Estado
2017/dicembro	185.013	3.412.781
Variación absoluta mes anterior	-2.162	-61.500
Variación relativa	-1,2	-1,8
Var. absoluta mesmo mes ano anterior	-20.901	-290.193
Variación relativa	-10,2	-7,8

Segue na seguinte páxina .../...

	Media anual
2007	150.546
2008	162.512
2009	206.245
2010	226.237
2011	241.323
2012	270.515
2013	276.007
2014	256.960
2015	233.449
2016	212.558
2017	194.428

no sector de Servizos. Así, neste sector, hai 2.905 persoas persoas desempregadas menos, unha diminución do 2,3 por cento. Tamén no colectivo Sen Emprego Anterior hai unha diminución do 5,7 por cento, o que representa 945 persoas desempregadas menos, aínda que seguramente debido ás contratacións do Nadal, empregos de poucos días na súa maioría das veces. Nos restantes sectores medra o desemprego no mes.

En termos anuais, hai un descenso acusado no conxunto de actividades, con porcentaxes moi elevadas de contracción na

Construción, o 22,4 por cento de desempregados rexistrados menos, no Primario cun 15,8 por cento de diminución do desemprego e na Industria cun 13,9 por cento menos de persoas desempregadas. Pero, en termos absolutos, a maior contracción dáse no sector Servizos, o sector de maior ocupación, no que nun ano cae o desemprego en cerca de 10.000 persoas.

O emprego que se crea, nin é fixo nin de calidade

Cos datos de decembro ponse de releve que as empresas galegas seguen facendo maioritariamente contratos temporais, hai un claro abuso da contratación temporal. No mes de decembro fixéronse 71.531 contratos, destes tan só unha porcentaxe moi baixa, o 7,5 por cento, foi contratación indefinida. Tan só 5.365 contratos foron indefinidos.

A taxa de cobertura segue estando por debaixo da media de España, xa de por si moi baixa

O número de beneficiarios de prestacións en novembro de 2017 (último dato dispoñible) foi de 91.607. Esta cifra amosa unha nova caída anual, xa que son 6.452 menos que en novembro de 2016. A taxa de cobertura foi do 53,7 por cento, deixando

fora do sistema de protección por desemprego a preto de 96.000 (95.568) desempregados. A taxa de cobertura no mes de novembro foi superior no Estado, o 57,9 por cento. Hai un forte diferencial entre as taxas dun e outro contexto, o que amosa a clara desvantaxe das persoas desempregadas da nosa comunidade.

Tan só 38.795 beneficiarios de prestacións por desemprego son de carácter contributivo, o 42,3 por cento do total, o que indica a precariedade na cobertura por desemprego, e cun importe medio de 782,4 euros (Contía media prestación contributiva percibida por beneficiario -euros/mes-).

A gran maioría da cobertura dos desempregados é de carácter asistencial, ben sexan Subsidio (40.592), Renda Activa de Inserción (9.805 perceptores) ou Programa de Activación para o Emprego (2.415 beneficiarios).

A afiliación á SS tampouco mellora o dato: para asentar un novo afiliado/cotizante á SS precísanse máis de cincuenta contratos

Tampouco hai bos datos de afiliación/cotizantes á SS. Sitúase a cifra en decembro en 985.448 cotizantes, polo que cae en 3.709 cotizantes menos no mes, o que supón un 0,38 por cento menos. A pesar da caída do desemprego, non é suficiente para un repunte nas cifras de afiliacións/cotizacións. Galicia segue amosando unha evolución contraria á media estatal, contexto no que medra o 0,23 por cento por cento.

Se tomamos os datos anuais, medra en Galicia a afiliación nun 2,25 por cento no ano, no Estado tamén, pero nunha porcentaxe moi superior, o 3,42 por cento. No Estado hai 18.460.201 afiliados cotizantes.

Como dato moi reseñable que demostra a rotación do mercado laboral galego, cabe destacar que no ano 2017 houbo un total de 1.020.962 contratos asinados. Máis de un millón de contratos para que só houbese unha medra de afiliación á SS de 20.344. Isto significa que, para asentar un novo afiliado/cotizante á SS precísanse máis de cincuenta contratos.

Na nosa economía, que medra a un ritmo do 3,1 por cento (aumento do PIB, último dato), segue habendo unha fonda crise de emprego.

GALICIA	Decembro 2017	VARIACIÓN SOBRE			
		Mes anterior		Mesmo mes ano anterior	
		nº	%	nº	%f
DESEMPREGO					
Nº desempregados rexistrados	185.013	-2.162	-1,2	-20.901	-10,2
* homes	81.498	929	1,2	-12.855	-13,62
* mulleres	103.515	-3.091	-2,9	-8.046	-7,21
Nº parados mozos < 26 anos	8.710	-1.155	-11,7	-681	-7,3
Nº desempregados por sectores*					
* agricultura	6.992	189	2,8	-1.313	-15,8
* industria	21.944	500	2,3	-3.555	-13,9
* construción	18.140	999	5,8	-5.228	-22,4
* servizos	122.436	-2.905	-2,3	-9.983	-7,5
* sen emprego anterior	15.501	-945	-5,7	-822	-5,0
Beneficiarios prestación por desemprego (novembro)	91.607				
Taxa de cobertura prestación por desemprego (novembro)	53,66				
Parados totais sen ningún tipo de prestación (novembro)	95.568				
CONTRATACIÓN					
Nº contratos	71.531	-8.494	-10,6	22	0,0
Nº contratos indefinidos (inclúe transformación de contratos en indefinidos)	5.365	-1.311	-19,6	23	0,4
Nº contratos temporais	66.166	-7.183	-9,8	-1	0,0
AFILIACIÓN MEDIA Á SEGURIDADE SOCIAL					
Nº afiliados/cotizantes (datos provisionais)	985.448	-3.709	-0,4	21.713	2,3

Fonte: Gabinete Económico Comisión Executiva UGT Galicia, a partir dos datos do MEYSS

O SINDICATO DE SEGURIDADE DE UGT AMOSA A SÚA PREOCUPACIÓN POLA ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA XUNTA A EMPRESAS DE BAIXO CUSTO

Redacción.- O Sector de Limpeza e Seguridade de FesMC-UGT Galicia amosou a súa preocupación por que a Administración de Galicia está a fomentar que nos Servizos de Seguridade que son da súa competencia entren a concurso as empresas de “baixo custo, que acábannos saíndo máis caras aos cidadáns, xa que: Contraen débeda coa Tesourería da Seguridade Social, débeda con Facenda e, por último, os traballadores despois de varios meses sufrindo por non cobrar os seus salarios polo traballo realizado, terminan cobrando do Fogasa.

UGT xa se puxo en contacto coa administración de que o prego para a adxudicación tiña deficiencias tanto na parte económica como na técnica, pero obtivo o silencio por resposta.

“A un servizo como o de Seguridade da Xunta de Galicia atopámonos con que só preséntanse catro empresas, das cales dúas delas no resto do territorio teñen aos traballadores sen cobrar os salarios e cun-



has diminucións económicas do 40% en referencia ao Convenio Estatal de Empresas de Seguridade”, afirmaron fontes sindicais.

“Ao mesmo tempo no prego non cumpre cos acordos que está a realizar o Goberno de España coa patronal e cos Sindicatos maioritarios do Sector de Seguridade

Privada. Por todos estes motivos entendemos que neste concurso póiñense en risco a 160 familias en toda Galicia”, polo que o Sindicato solicitou á Administración e ás empresas que recapiten para que as condicións dos traballadores estean garantidas e sexan acordos ao recentemente aprobado Real Decreto de Contratación Pública

UGT DEMANDA AO GOBERNO QUE O IPREM RECUPERE O PODER ADQUISITIVO PERDIDO

Redacción.- O Goberno volve manter conxelado o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) e inicia o ano 2018 sen dar resposta á demanda sindical de revalorización do mesmo para que as prestacións sociais que se calculan con este indicador recuperen o poder adquisitivo perdido e establecer un método permanente para a súa actualización. UGT demanda ao Executivo que, para a elaboración dos próximos Orzamentos Xerais do Estado, revalorice o IPREM para que recupere o poder adquisitivo perdido e doteo dun sistema de revalorización automática.

UGT destaca que o IPREM acumula unha perda do 7,6% respecto da inflación polas sucesivas conxelacións desde 2011 ata 2017 e advirte que unha nova conxelación en 2018 supoñería que a perda acumulada ascendese ao 9,1% sobre as previsións de inflación para este novo ano, un revés máis ás necesidades sociais. Algo que sería inaceptable. Non hai que esquecer que o IPREM é un referente para o subsidio de desemprego, a concesión de axudas, bolsas, subvencións e outras políticas públicas que afectan a colectivos vulnerables econó-



mica e socialmente.

UGT lembra que os sindicatos remitiron hai un ano ao Ministerio de Emprego unha carta cunha proposta de actualización do IPREM e dun sistema de revalorización automática e aínda seguen á espera da súa contestación. A demanda sindical conxunta defende que o IPREM recupere o poder adquisitivo perdido e establézase un método permanente de actualización que manteña o valor real do indicador ao longo do tempo.

O sindicato destaca que o artigo 2 do Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño, determina como limiar mínimo de

actualización anual do IPREM a previsión de inflación empregada nos Orzamentos Xerais do Estado (que no ano 2017 situouse no 1,4%) e, ao mesmo tempo, lembra ao Executivo que esta mesma lei establece que “con anterioridade á aprobación do proxecto de lei anual de PGE, o Goberno consultará ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas sobre a contía do IPREM”.

UGT resalta que desde que goberna Mariano Rajoy como presidente, o IPREM revalorizouse só un euro ao mes, ao pasar de 532,5 euros ao mes a 537,8 euros e por agora seguirá conxelado.

A BRECHA DE XÉNERO NO MERCADO LABORAL PERPETÚASE EN 2017

Os datos de paro de 2017 reflicten que o desemprego segue sendo maior para as mulleres e como estas teñen peor calidade no emprego



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores denuncia que a brecha de xénero no mercado de traballo perpetuouse en 2017, debido á falta de políticas e medidas para corrixir as desigualdades existentes entre mulleres e homes.

Os datos de paro correspondentes ao mes de decembro, publicados por Servizo Público de Emprego Estatal, reflicten como o desemprego segue sendo maior para as mulleres que para os homes e como estas teñen peor calidade no emprego.

Neste sentido, os datos mostran que, a pesar de que en decembro houbo 55.563 mulleres menos desempregadas fronte a 5.937 homes, isto debeuse ao aumento de ocupación de mulleres durante a campaña do Nadal en actividades maioritariamente feminizadas. De feito, o 90,3% do descenso do paro no mes corresponde a mulleres. Pero, se temos en conta a evolución do número de parados e paradas ao longo do ano 2017, o número de homes en paro descendeu en 182.576, un 11,1%, mentres que o número de mulleres paradas descendeu en 107.617, é dicir só un 5,2%.

Ademais, se temos en conta a distribución do paro rexistrado sen emprego anterior, do total de parados ambos os sexos 292.320 persoas, 198.194 son mulleres un 68% fronte a 94.126 homes un 32%.

Por tanto, no noso país a creación de emprego non afecta por igual a homes que ás mulleres. A melloría da economía española non se está traducindo nunha mellora da situación das mulleres, e a brecha de xénero está a perpetuarse.

Para UGT, o descenso do paro durante 2017 está baseado claramente en empregos temporais e precarios. E estes empregos están a afectar, en maior medida, ás

O paro masculino reduciuse en 2017 en 180.000 persoas, mentres que o feminino só en 100.000

O 90% do descenso do paro en decembro corresponde ás mulleres, en actividades maioritariamente feminizadas con motivo da campaña do Nadal

Os contratos indefinidos en 2017 aumentaron case un 10% para os homes e só un 4% para as mulleres

UGT reclama ao Goberno e aos empresarios medidas para o desenvolvemento efectivo da igualdade no mercado de traballo do noso país

mulleres. Se atendemos ás modalidades de contratación, o total de contratos indefinidos aumenta respecto ao ano 2016 un 7,2%, pero non afecta por igual a homes e mulleres. Na variación anual do número de contratos indefinidos, os contratos indefinidos aumentan nun 9,79% para os homes e só un 4,12% para as mulleres.

En relación á contratación temporal, a porta de entrada ao emprego durante o último ano, as mulleres tamén tiveron maiores dificultades á hora de acceder a un traballo. Do total de contratos temporais

celebrados en 2017, 1.520.949, o 56,22% dos contratos temporais fixéronse a homes, fronte ao 43,78% de contratos feitos a mulleres.

Unicamente nos contratos de interinidade, dun total de 120.134 contratos, o 71,69% fixéronse a mulleres fronte a un 28,31% son contratos feitos a homes, pero foron en sectores e actividades altamente feminizadas, como son o ensino ou sanidade. Isto está a producir, ademais, unha segregación ocupacional cara ás mulleres no mercado de traballo.

Por todo iso, UGT esixe un plan de choque polo emprego que impulse a igualdade no mercado de traballo, mellorando as condicións de acceso a un emprego digno e de calidade para as mulleres. Non é posible concibir unha recuperación para o noso país sen que se garanta no emprego a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

O sindicato considera imprescindible que o Goberno aposte por impulsar o Diálogo Social e a Negociación Colectiva para o desenvolvemento efectivo da normativa igualitaria, con políticas activas, plans e medidas de igualdade para o emprego de calidade das mulleres, combater as brechas de xénero, eliminar a violencia contra as mulleres, avanzar en conciliación e ampliar a protección social.

Os efectos da crise, as reformas laborais e as medidas de recorte e austeridade, unidas á omisión de actuacións públicas que realmente contribúan a avanzar na igualdade entre mulleres e homes, seguen incrementando a situación de retroceso na igualdade de xénero e no emprego das mulleres, colocándonos nunha situación que nos afasta cada vez máis da posibilidade de alcanzar a igualdade efectiva no noso país.